



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O CONCELLO DE OUTES PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE PISTA DE TENIS NO ANTIGO CAMPO DE FÚTBOL DO FREIXO

I. Departamento que tramita o convenio

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o departamento ao que lle corresponde a elaboración, proposta e execución da política do Goberno galego en materia de Administración local, de conformidade co previsto no Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG núm. 101 do 27 de maio).

II. Antecedentes

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, ten previsto asinar un convenio de cooperación co Concello de Outes para a execución do proxecto de pista de tenis no antigo campo de fútbol do Freixo.

Os artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (en adiante LALGA), establecen que, no que atinxe ás relacións coas entidades locais galegas, correspóndenlle á Xunta de Galicia ás competencias de cooperación e colaboración, podéndose estas materializarse mediante a subscripción de convenios.

Segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 80 e 81 da LALGA, os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, entre os que se atopan a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.

O Concello de Outes manifestou a necesidade de asistencia por parte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para a acometer o proxecto denominado: "execución de pista de tenis no antigo campo de fútbol do Freixo", que vén xustificada por ser o fomento do deporte, tanto a nivel deportivo como a nivel saúde, un dos eixos de actuación da propia Xunta de Galicia, o cal sitúa ao Concello referente no coidado da saúde a través do deporte adaptado a todas as idades, o que sin dúbida repercute incluso no aforro de gasto en medicación e tratamentos que se aforran co coidado da saúde.





A promoción do deporte no Concello de Outes é un referente a nivel comarcal e incluso provincial, xa que dispón dunha programación de actividades deportivas moi completa e que atende tamén a deportes considerados minoritarios, co obxectivo de promocionar os valores socio-deportivos dende idades moi temperás.

Este alto nivel de oferta deportiva fai que se teña que facer un enorme esforzo orzamentario nas infraestruturas deportivas municipais, tanto para o mantemento como a mellora e nova creación das mesmas. O Concello conta con dous pavillóns polideportivos (Cruceiro de Roo e Serra de Outes), campo de fútbol municipal, pistas polideportivas polas parroquias, etc. Tamén se está a construír na actualidade unhas pistas de adestramento de atletismo e lanzamento de peso (nesta última especialidade contamos cunha subcampiona autonómica e que acadou postos destacados nas probas nacionais).

Ademais, o Concello tamén colabora cos clubs deportivos asentados no municipio (atletismo, baloncesto, piragüismo, tenis, taekwondo, atletismo, ciclismo, escolas deportivas do Outes F. C., incluíndo unha forte promoción de fútbol feminino, etc.). Estase tamén a xestionar a creación dun equipo feminino de fútbol inclusivo en colaboración coa asociación ADISBISMUR, para rapaces e rapazas con diversidade funcional.

Por todo o exposto, resulta que as infraestruturas deportivas municipais que mostran unha maior necesidade de creación e mellora son as relacionadas coa práctica do tenis, xa que na actualidade as existentes sofren un importante deterioro, polo que o investimento previsto viría a solucionar esta necesidade.

A superficie do antigo campo de fútbol do Freixo presenta un avanzado estado de deterioro á vista da vexetación que aflora na mesma. Parte da citada superficie é empregada en certas ocasións como aparcamento entre os usuarios da pista multideporte existente no entorno, resultado excesiva e atopándose desaproveitada.

Cabe destacar que a pista multideporte resulta insuficiente en certas ocasións ante a alta demanda de alternativas lúdicas na zona, principalmente durante o período estival. Dita pista multideporte conta con postes e rede de tenis e atópase perimetrada mediante rede de simple torsión instalada sobre bastidores metálicos.

Co fin de dotar ao Concello de Outes de novas alternativas de ocio, preténdese executar sobre a superficie do antigo campo de fútbol do Freixo e de maneira adxacente a pista multideporte existentes sobre o mesmo, unha nova pista de tenis que satisfaga as necesidades demandadas polos veciños e visitantes do municipio.

Todos estes factores recomentan as actuacións previstas, as cales redundan, en calquera caso, no beneficio e comodidade dos usuarios.

De acordo co exposto, coa dita actuación mellóranse as condición de ocio e tempo libre, acadando unhas instalacións axeitadas, funcionais e de utilidade para os usuarios, tratándose polo tanto dunha actuación xustificada polo interese público.





A realización da obra require un investimento substancial que o Concello de Outes non pode afrontar con recursos propios neste momento. O montante económico do proxecto, excede dos recursos locais dispoñibles actualmente, razón pola cal resulta necesario solicitar unha subvención á Xunta de Galicia pola totalidade do orzamento da obra.

III. Finalidade

O obxectivo común é mellorar as infraestruturas municipais, de forma que o concello poida prestar servizos de calidade á veciñanza.

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Concello de Outes o instrumento convencional a que se refire a presente memoria, cunha duración que abrangue dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

IV. Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é fixar as liñas de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e o Concello de Outes para executar as obras incluídas no Proxecto: "execución de pista de tenis no antigo campo de fútbol do Freixo", cun orzamento total de 59.689, 87 € (IVE incluído).

As obras de execución da nova pista de tenis sobre o antigo campo de fútbol do Freixo comprenden un conxunto de actuacións, todas elas, encamiñadas ao aproveitamento da superficie en desuso e ao incremento das alternativas de ocio no Concello de Outes, poñendo en valor unha superficie actualmente en desuso.

V. Fundamentos do convenio

O Concello de Outes manifestou a necesidade de asistencia por parte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para a acometer o Proxecto: "execución de pista de tenis no antigo campo de fútbol do Freixo", debido á necesidade de dotar ao Lugar do Freixo de novas alternativas de ocio, poñendo en valor unha superficie que na actualidade se atopa en desuso e nun avanzado estado de deterioro, á vista da vexetación que aflora na mesma.

A solicitude fundaméntase na necesidade de atender o mal estado de conservación que presenta a dita instalación deportiva e ao alto nivel de oferta deportiva do Concello, que supón un enorme esforzo orzamentario nas infraestruturas deportivas para a entidade local..

Así pois, este convenio de colaboración responde ao interese público e social que representa a acción de fomento da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes





respecto da execución dunhas actuacións necesarias para o normal funcionamento da entidade local, que lle permitan exercer as competencias e prestar os servizos que a normativa básica en materia de réxime local lles atribúe aos concellos, como Administración máis próxima aos administrados.

A conxuntura descrita, a necesidade de asistencia manifestada polo Concello e o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito adecuado e suficiente para a súa aplicación eficaz no restablecemento dos servizos municipais sobre os cales se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o feito de recorrer ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do Concello de Outes.

Así mesmo, esta actuación resulta de interese para a Xunta de Galicia polo que supón de potenciación e apoio á prestación de servizos por parte dos concellos, como Administración máis próxima aos administrados.

Conforme co establecido no artigo 26.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública, xa que o obxecto do convenio é atender as circunstancias específicas dese concello para a mellora das infraestruturas municipais adicadas á promoción do deporte e de ocupación do tempo libre.

Incorpórase ao expediente declaración xustificando a imposibilidade de promover a concorrência pública, de acordo co establecido no citado artigo 26.2º.

VI. Actuacións da subvención

As obras de execución da nova pista de tenis sobre o antigo campo de fútbol do Freixo comprenden un conxunto de actuacións, todas elas, encamiñadas ao aproveitamento da superficie en desuso e ao incremento das alternativas de ocio no Concello de Outes. Os traballos que se pretenden levar a cabo no antigo campo de fútbol do Freixo, de titularidade municipal do Concello de Outes, van encamiñadas a dotar ao Lugar do Freixo de novas alternativas de ocio, poñendo en valor unha superficie actualmente en desuso.

Os traballos que se contemplan co fin de acadar os ditos obxectivos son principalmente os seguintes:

- Escavación en caixa de plataforma en calquera tipo de terreo, a excepción de rocha, con medios mecánicos e axuda manual en aquelas zonas nas que sexa preciso, con parte proporcional de carga, transporte e estendido de terras sobrantes dentro da parcela.
- Compactado de terreos a ceo aberto por medios mecánicos, incluso rega dos mesmos sin definir o grado de compactación, con parte proporcional de medios auxiliares.





- Execución de bordo prefabricado de formigón bicada tipo C5 25x15/12x100 cm, recto, colocado sobre capa/base de formigón en masa HM-20/B/20/X0 de 10 cm de espesor, así como parte proporcional de encintado con morteiro de cemento.
- Execución de encachado en caixa para base de soleira de 20 cm de espesor mediante recheo e extendido nunha única tongada de espesor de 20 cm de grava procedente de canteira granítica de 20/40 mm e posterior compactación mediante equipo manual con bandexa vibrante sobre a explanada homoxénea e nivelada.
- Execución de pavimento realizado mediante soleira de formigón con acabado semipulido de 10 cm de espesor tipo HM-20/B/20/X0, con armadura de reparto de tipo malla electrosoldada #20x30x5 e capa de rodadura mediante mestura de cemento e cuarzo (cor gris natural), con parte proporcional de vertido mediante camión bomba, extendido, nivelado, regleado e fratasado, así como posterior corte de xuntas de retracción.
- Marcado e sinalización de pista de tenis sobre pavimento deportivo con liñas de 5 cm, continuas ou discontinuas, mediante aplicación con brocha ou rodillo de pintura acrílica mate en cores diversos, segunda norma federativa correspondente, totalmente rematado.
- Peche de pistas deportivas en forma de U (visto en planta), quedando sen pechar o linde entre a pista a executar e a existente, de ata 4 metros de altura, incluso parte proporcional de porta de 1x2 metros para varios deportes, con enreixado metálico a base de malla galvanizada e plastificada en cor verde (RAL 6015) de simple torsión, de 40 mm. de paso de malla e 1,7 mm de diámetro, adaptado sobre 3 filas de arame liso convenientemente atirantado, postes intermedios de tubo galvanizado en quente, diámetro 45/1,5 mm, postes de escuadra centro tiro en tubo de aceiro das mesmas características, diámetro 60/1,5 mm, todos encaixados 35 cm e arriostrados con travesaños horizontais en tubo de diámetro 40/1,5 mm, incluso tensores cincados, cordóns, ataduras e remates superiores, ancoraxe dos postes o pavimento, montaxe da malla, ferramentas e medios auxiliares. Totalmente instalado.
- Instalación de xogo de postes de tenis con rede e dispositivo de tensión. A rede de tenis cumprirá coas medidas regulamentarias (12,80x1,06 m) estará realizada en fío de polietileno cableado negro de 2 mm de espesor con dez mallas dobres, malla cuadro sinxela de 45, así como cintas de poliéster e cable de aceiro galvanizado e plastificado por un extremo e dobre cosido, fabricada conforme a norma EN 1510 (AENOR). Incluso transporte e colocación, ancoraxe, ferramentas e medios auxiliares, totalmente montado e homologado.

VII. Importe e aplicación orzamentaria





Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaria Xeral Técnica, achegará a cantidade máxima cantidade de cincuenta e nove mil seiscientos oitenta e nove euros con oitenta e sete céntimos **(59.689, 87 €)**, con cargo á aplicación orzamentaria 05.01.121A.760.0 (código de proxecto 2015 00088). Esta cantidade representa o 100 % do orzamento do proxecto.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento convencional para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

O secretario xeral técnico

Francisco Javier Abad Pardo

